

SEGURIDADE PASIVA

Cando se produce un accidente de tráfico, as súas consecuencias poden ser máis ou menos graves para os ocupantes dependendo da resposta de certos sistemas de seguridade, que teñen como misión evitar ou atenuar as posibles lesións. O conxunto destes sistemas coñécese como “seguridade pasiva” do vehículo.

CHASIS E CARROCERIA

Son quizais os elementos de seguridade pasiva máis importantes do vehículo, dado que en caso de accidente, deben absorber a enerxía dos posibles impactos e protexer aos ocupantes de elementos externos. Por iso:

- ❖ Asegúrate de que unha vez ao ano se revisan o axuste e as ancoraxes dos parachoques, portas, portón traseiro ou maleteiro e capó.
- ❖ Fai que revisen o chasis do teu vehículo nun taller especializado se tiveches un accidente e pode verse afectado.
- ❖ Limpa os baixos da carrozaría unha vez ao ano, sobre todo despois do inverno, para eliminar restos de sal, barro ou outras sustancias que poden acelerar a corrosión.



CINTO DE SEGURIDADE

É outro dispositivo de seguridade indispensable, xa que en caso de accidente impide que o noso corpo se desprace dentro do habitáculo ou salga expulsado do mesmo. De feito, reduce case á décima parte o risco de falecemento e de feridas graves en caso de choque frontal, e á metade en caso de alcance. Por iso:

- ❖ Abróchache o cinto sempre antes de porche en marcha, de forma que quede tenso e perfectamente axustado ao corpo.
- ❖ Asegúrate de que non haxa ningunha folgura e de que non estea enganchado en ningún sitio.



- ❖ Non utilices nunca dispositivos para evitar que o cinto quede axustado. Ademais de ser ilegais, son moi perigosos, xa que o cinto non actúa como debese e iso pode causar graves lesións.
- ❖ Regula a altura da ancoraxe superior para que a cinta pase entre o pescozo e o ombreiro. Se es muller, coloca a banda entre ambos os seos para non sufrir dano algún en caso de accidente.
- ❖ Non utilices coxíns ou elementos similares para sentarche, xa que restan eficacia ao cinto.

AIRBAG

É un dispositivo que en ningún caso substitúe ao cinto de seguridade, senón que o complementa protexendo aos pasaxeiros do impacto contra determinados elementos e partes do interior do vehículo.

Por iso:

- ❖ Non esquezas que o airbag só resulta eficaz se te abrochas o cinto de seguridade e sítasche correctamente ao volante.
- ❖ Se o teu vehículo dispón deste sistema, ao acender o contacto comproba no taboleiro de instrumentos, que se acende a testemuña que confirma o correcto funcionamento do airbag.
- ❖ Cando uses lentes mentres conduces, procura que a montura sexa pechada e que os cristais sexan de policarbonato, xa que resisten mellor o impacto do airbag en caso de accidente.



REPOUSACABEZAS


Lonxe de ser un elemento de confort, é un importante dispositivo de protección fronte ao denominado “lategazo cervical” que se produce nos accidentes de tráfico e a súa eficacia depende completamente da súa correcta regulación.

- ❖ Regula a altura de forma que a parte máis sobresaliente quede á altura dos ollos.
- ❖ Axusta a inclinación de modo que a distancia coa cabeza sexa de 4 a 10 centímetros.


OS ASENTOS

Suxeitan aos pasaxeiros e contribúen a que outros dispositivos de seguridade pasiva do vehículo funcionen correctamente en caso de accidente.

- ❖ A inclinación do respaldo debe ser o máis vertical posible.
- ❖ A posición horizontal do asento debe ser tal que os brazos queden lixeiramente flexionados ao coller o volante e a perna esquerda permaneza tamén levemente flexionada ao pisar o embrague.



- ❖ Por iso, asegúrate sempre de que o teu asento se atopa regulado correctamente.
- ❖ A altura do asento debe proporcionar a mellor visibilidade posible.



E lembra

Para sacarlle o máximo partido á seguridade pasiva do teu vehículo:

- 1) Ponche sempre o cinto.
- 2) Axusta correctamente o teu asento.
- 3) Presta atención ao repousacabezas.

Recomendacións básicas de seguridade viaria: SEGURIDADE PASIVA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



FREMAP

Mutua Colaboradora con la
Seguridad Social nº 61



MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
DIRECCIÓN GENERAL
DE ORDENACIÓN DE
LA SEGURIDAD SOCIAL

Plan General de Actividades Preventivas de la Seguridad Social 2015

© FREMAP
Ctra. de Pozuelo nº 61
28220 Majadahonda (Madrid)